

29 de Xuño do 2022

Esta mañá un traballador eventual (non afiliado á CUT) foi abandonado no seu posto, as súas forzas esvaecéronse mentres tentaba facer un posto imposible de realizar. Foi trasladado en cadeira de rodas cara a ambulancia. O estrés? A composición? As presións? A falta de axudas?

Levarían ao servizo médico e que fose para casa ou ao Sergas?. Seguen a negar os accidentes de traballo. Def: *Calquera suceso súbito que se produza como consecuencia ou con motivo do traballo, e que produza no traballador unha lesión orgánica, un trastorno funcional ou psiquiátrico, unha incapacidade ou a morte*

Mal van as cousas cando a xente nova, que pon todo o seu empeño, forzas e ilusións, non é capaz “correndo” de facer un posto de traballo en Stellantis Vigo.

Estes días temos observado que antes das vacacións xa se esta a “apretar” un pouco máis os postos, repartos cargados sobre os xa de por si cargados, operacións a realizar con tempo cero. Desprazamentos irrisorios. Coller deixar medios inexistentes, etc Formacións a correr (tira para diante), a min ensináronme así. Dentro de nada a empresa recibira outro premio, por como trata aos traballadores/as?.

E a culpa de quen é? Da persoa traballadora!. Vota moitos días na casa e perde o ritmo! (parece ser).

O RG, vixiante do honor da fábrica. Espía tralos mobles kamban, dende a distancia, o desenrolo da actividade da persoa, memoriza a actividade, vixía si se entretén, si transpira, si anda ou corre, e finalmente, salta, sobre a súa vítima cun sorriso : home traballas sen descanso, pero.. as microparadas?.. ese tirar do Andón?.. Xa ten un culpable! Da composición di non saber nada, ese tema non o leva el!

Quen o leva? De quen depende que non se reforcen os postos cando a cadencia da composición non é a recollida no reparto asignado? A ver si tamén vai ser culpa da persoa traballadora!

Onde esta a comisión de seguimento do AGA, aqueles que levantaron unha folga porque montaxe xa estaba arranxado?

O sufrimento produtivo que diariamente se realiza en Stellantis Vigo esta acabando coa saúde e acortando a vida das persoas traballadoras.

Esta Dirección ten que tomarse en serio os índices de visitas ao servizo medico, e analizar o “por qué”?. Os índices de absentismo. As enfermidades crónicas adquiridas polo sistema PSA en xente menor de 45 anos. E poñerlle solución.

Vicio? Defectos de fabricación da persoa? Postos cargados? Repartos ficticios? Posto adaptado en ergonómia pero no que non se ten en conta a cantidade de pezas diaria?

Onde esta responsabilidade social e corporativa da que presume Stellantis Vigo?

Onde quedan para a representación sindical as necesidades das persoas cando asinan acordos lesivos para a economía e a saúde das persoas traballadoras?

CUT SINDICALISMO NECESARIO

